

Hai vintecinco anos o Parlamento de Galicia aprobou a Lei de Normalización Lingüística. Neste texto legal recóllense os dereitos lingüísticos dos cidadáns perante a Administración de Xustiza.

No percorrido histórico da vixente norma legal, o articulado referido ao uso da nosa lingua na actividade xudicial e notarial non foi exercido maioritariamente polos cidadáns, nin tampouco favorecido polos axentes do Poder Xudicial.

Neste dilatado período de tempo a norma non foi observada e o fomento da lingua nos usos xurídicos apenas asumido por unha minoría, que aínda seguimos hoxe co pé firme no esteo da lei, procurando que converxan a legalidade e a realidade, sempre tan disonantes e mesmo enfrontadas.

A Memoria do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida ao ano 2006 é o espello no que ollamos esa realidade distorsionada. Son moitos os milleiros de expedientes xudiciais resoltos polas distintas xurisdicións. Todos eles en castelán. Non podemos falar de porcentaxes realizados na nosa lingua. Os que se realizan en galego teñen como protagonistas de excepción a estes maxistrados e fiscais aquí presentes -e outros tantos máis que se moven na órbita da Irmandade Xurídica- que coa colaboración dun número minoritario, pero cualificado de funcionarios, están a cumprir o mandato legal e a garantir que os dereitos dos cidadán se respecten nos xulgados e audiencias provinciais.

Moitísimos deses expdientes xudiciais son promovidos a instancias das institucións públicas. A Xunta de Galicia, as deputacións e concellos galegos, no exercicio das súas competencias, promoven infinidade de demandas para esixir o cumprimento da legalidade cando este é conculcado polos cidadáns ou entidades de dereito privado. E nese intento de facer prevalecer a legalidade as asesorías xurídicas das nosas institucións públicas non fan o esforzo de redataren as súas demandas na nosa lingua, obviando o mandato da Lei que o obriga a fomentaren o uso da lingua galega en tódalas ordes da vida social, económica e institucional, e tampouco fan uso dos dereitos que lle confire a referida lei, plasmada no artigo 7.2 que especifica claramente que *“a parte ou interesado terá dereito a que se lle entere ou notifique na lingua oficial que elixa”*.

O cumprimento deste dereito, solicitado de forma expresa, facilitaría o exercicio do cumprimento dos tribunais de xustiza por parte dos demandantes.

Idéntica acción provocarían os actos xurídicos documentados solicitados nas notaríaas polas institucións públicas galegas. Porque son milleiros os instrumentos xurídicos tramitados nesas oficinas. Pénsese nos expedientes de expropiación que dan lugar a escrituras públicas, na compra de inmobles ou noutro tipo de negocios típicos as administracións públicas. Se a Xunta de Galicia, os concellos galegos e as deputacións provinciais fosen circios no cumprimento do mandato legal, a extensión da lingua nos usos xurídicos tería hoxe outras cotas de normalidade.

O sindicatos son pezas claves para a galeguización da xurisdición laboral. E certo que hai algunhas asesorías xurídicas destas organizacións que adoitan utilizar a lingua galega na relación cos xulgados do social. Pero non tódolos sindicatos teñen o compromiso asumido de utilizaren a lingua galega nas demandas e xuízos orais.

Dun tempo a esta parte vimos traballando coas forzas e corpos de seguridade para articularmos medidas que favorecen e fomenten o uso da lingua galega nas declaración dos feitos e nas dilixencias redatadas polas policía científicas, que constitúen o alicerce de moitos procesos xudiciais. Neste ámbito aínda queda moito que facer. Un obxectivo nada difícil de acadar se hai vontade nos mandos que dirixen ás forzas da orde. E para mostra un botón: a brigada da policía científica de Vigo vén realizando boa parte do seu traballo en galego sen que isto provocase ningún conflito cos xulgados.

É preciso, pois, que os dereitos lingüísticos dos cidadáns nas dependencias policiais estean garantidos de maneira expresa, incluíndos na lectura dos dereitos que se lles fai aos detidos.

Cando fomos chamados para redatar o Plan Xeral de Normalización Lingüística aportamos outras medidas máis que quero enumerar:

Propuxemos que nas facultades de dereitos das tres universidades galega se incluíse no plan de estudos asignaturas optativas para o coñecemento do ordenamento xurídico sobre o uso das linguas, de tanta importancia para o exercicio profesional dos futuros avogados. Esta medida tería sido moi beneficiosa porque contribuiría a unha maior formación no coñecemento dun Dereito cada vez máis extenso, e a despexar prexuízos lingüísticos tan literaturizados e aos que fai mención don Sebastián Martínez Risco na publicación que hoxe se vai presentar aquí.

As Escolas de Prácticas Xurídicas, dependentes dos colexios profesionais de avogados, deberían ter suprido esas carencias dos plans de estudos, ofrecéndolles aos profesionais exercentes unha maior amplitude de miras nun mundo cada vez máis globalizado e con linguas diversas.

Un profesional do Dereito formado nesta cultura do respecto á diversidade lingüística, non só está en condicións de exercer a súa profesión nun territorio onde a cooficialidade lingüística debe ser observada, senón que ademais tería unha mellor comprensión da realidade na que pretende operar.

Don Sebastián Martínez Risco, en 1972, facía estas observacións nunha conferencia pronunciada en Vigo:

“Se queremos que a vontade creadora de actos xurídicos, que ao notariado corresponde autorizar se manifeste con claridade e se exprese con fidelidade, deberá consignar tamén en galego os actos por el redatados.”

“Quen pode negar- argumentaba- que esa función de vencello necesario entre a idea e a súa manifestación, entre o pensamento e a súa expresión, para a indagación dun acto interno de vontade, para saber o que pactou o contratante ou dispuxo o testador, atribúe á palabra, nos numerosos casos de dúbida sobre o pactado do disposto, un oficio eminente?

Razóns semellantes aconsellan e lexitiman o uso da lingua galega nas dilixencias como a confesión xudicial, as declaracións de testemuñas, os careos e a inspección ocular, que gañarían con isto en precisión expresiva, en autenticidade, e farían máis doado o cumprimento do fin esencial que as Leis de Partida xa sinalaban para os xuíces: o de “cataren acuciosamente a verdade”.

Estas e outras argumentacións constitúen elementos de reflexión importantes nun país onde a meirande parte dos seus cidadáns ten como primeira a lingua a galega; a lingua de expresión da vontade interna, debidamente estruturada.

Compañeiros e compañeiras que hoxe fixéchedes público o compromiso por primeira vez de defenderdes o uso da lingua galega no exercicio das vosas funcións- sen menoscabo da protección do dereito dos cidadáns a expresáren en lingua distinta da nosa- é preciso maior firmeza na aplicación da vontade galeguizadora.

O acto que vimos de realizar non ten precedentes na historia de Galicia polas formalidades que o revestiron. Debemos ser conscientes da súa transcendencia.

Ao formardes parte da Irmandade Xurídica Galega estades obrigados a liderar o discurso da galeguización nos ámbitos xudiciais e do Dereito.

Utilizade tódalas cautelas que queirades na aplicación desta vontade de regaleguización da Xustiza, pero non a confundades coas mornezas que deixan as cancelas abertas aos prexuízos lingüísticos.